




CAMPIONATOS CALEGOS UNIVERSITARIOS

NATACIÓN

25 DE FEBREIRO (OURENSE)



Universidade de Vigo



UNIVERSIDADE DA CORUÑA

USC
UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

XUNTA
DE GALICIA

MUVERS!
Active • mobile • happy

FEKAN

de
one

Coca-Cola

Índice

1.- Organiza	2
2.- Lugar	2
3.- Data	2
4.- Participantes	2
5.- Información	2
6.- Inscricións	2
7.- Seguro	3
8.- Acreditacións	3
9.- Horarios	3
10.- Regulamento técnico	3
10.1. Sistema de competición	3
10.2. Sistema de puntuación e clasificación	3
10.3.- Normativa Xeral	4
10.4.- Categorías	4
10.5.- Orde das probas	4
11.- Arbitraxe	5
12.- Comité de competición	5
13.- Trofeos e medallas	5
14.- Comida	5
Anexo 1	6

1.- Organiza

Área de Benestar, Saúde e Deporte da Universidade de Vigo (Campus de Ourense).

2.- Lugar

Piscina Universitaria. Be One Campus Ourense

Campus Universitario, 32004 Ourense

<https://maps.app.goo.gl/3XPCnDGo5NbMow3R7>

3.- Data

25 de febreiro de 2025.

4.- Participantes

- Calquera persoa pertencente á comunidade universitaria dalgunha das tres universidades galegas.
- A inscrición realizarase na universidade de orixe de cada deportista.
- Cada Universidade poderá participar como máximo con catro deportistas por proba. No caso de existir mais solicitudes que prazas, terán prioridade os deportistas que acrediten mellores marcas en dita proba.
- Cada deportista como máximo poderá participar en dúas probas individuais a parte das probas de remudas nas que sexa seleccionado.
- Non se poderá mudar de proba durante o transcurso da competición.
- Nas probas de remudas cada universidade poderá inscribir dous equipos por proba, o ser probas mixtas, e necesario que sexan a metade dos integrantes da proba de cada sexo en cada un dos equipos.
- Cada proba deberá ter como mínimo tres persoas inscritas. De non ser así poderase eliminar do programa.

5.- Información

A información para os representantes das universidades pode acadarse:

- Nas oficinas da Área de Deporte e Saúde do Campus de Ourense.
- Nos teléfonos 988387198
- No correo electrónico depor-ou@uvigo.es

6.- Inscripcións

- O prazo de inscrición remata o martes **20 de febreiro ás 14:00 horas**.
- Os deportistas da Universidade de Vigo deberán facer a súa inscrición a través da aplicación web do Campus Activo.
- Os servizos de deportes da Universidade da Coruña e a Universidade de Santiago enviarán un correo electrónico coa folla de inscrición dos seus participantes a depor-ou@uvigo.es, situada no Anexo 1 de este documento.

7.- Seguro

- *Alumnado menor de 28 anos:*

Seguro escolar.

Asistencia: Hospital Centro Médico El Carmen

Dirección: Av. da Habana, 52, CP 32004 Ourense.

Teléfono: 988 22 34 00.

Localización: <https://maps.app.goo.gl/FxzPmgKQY8wbxqGZ9>

- *Alumnado de 28 anos ou máis, PAS, PDI, ou Persoal equiparado por convenio.*

Tipo de cobertura: segundo o establecido de maneira específica por parte de cada unha das universidades.

8.- Acreditacións

As acreditacións faranse na mesma piscina o mesmo día da competición. Cada participante deberá presentar con DNI, pasaporte ou carné de conducir en vigor.

9.- Horarios

HORA	ACTIVIDADE
10:00 a 11:15	Chegada de delegacións, acreditacións e quecemento
11:30 a 13:00	Desenvolvemento das probas
13:15	Entrega de medallas e trofeos

10.- Regulamento técnico

10.1. Sistema de competición:

- Todas as probas faranse en contrareloxo.

- A Toma de tempos será manual.
- A FGAN establecerá as series segundo o número de inscritas/os.

10.2. Sistema de puntuación e clasificación:

- Para a clasificación final por universidades computarán os 2 primeiros por proba e categoría de cada universidade coa seguinte puntuación por orde de chegadas: 9,6,4,3,2 e 1 punto.
- Para as probas de remudas puntuarán: 18,12,8,6,4 e 2 puntos.
- No caso de igualdade de tempos daráselle a ambos a puntuación que corresponda ao mellor clasificado.

10.3.- Normativa Xeral:

- O desenvolvemento do campionato farase de acordo con este regulamento.
- Para todo o que non veña regulado nos apartados anteriores aplicaráselle a normativa da Federación Galega de Natación.
- A clasificación neste campionato non outorga dereito a participación noutras competicións.

10.4.- Categorías:

- Absoluta feminina.
- Absoluta masculina.

10.5.- Orde das probas

1ª	4x50 libre mixtos
2ª	50 bolboreta feminino
3ª	50 bolboreta masculino
4ª	50 costas feminino
5ª	50 costas masculino
6ª	50 braza feminino
7ª	50 braza masculino
8ª	50 libres feminino
9ª	50 libres masculino
10ª	200 libres feminino
11ª	200 libres masculino
12ª	100 bolboreta feminino
13ª	100 bolboreta masculino

14 ^a	100 costas feminino
15 ^a	100 costas masculino
16 ^a	100 braza feminino
17 ^a	100 braza masculino
18 ^a	100 libres feminino
19 ^a	100 libres masculino
20 ^a	100 estilos feminino
21 ^a	100 estilos masculino
22 ^a	4*50 estilos mixtos

11. – Arbitraxe

Os xuíces e xuízas serán designados pola Federación Galega de Natación.

12.- Comité de competición

Estará integrado por unha persoa representante de cada universidade e contará coa participación do/da xuíz/xuíza árbitro.

13.- Trofeos e medallas

A entrega de premios farase na propia piscina unha vez rematada a competición.

14.- Comida.

A Universidade de Vigo entregará a cada participante unha bolsa cun bocadillo, unha peza de froita e auga. Na folla de inscrición farase mención, se fora o caso, da participación de persoas alérxicas ou intolerantes.